



ACTA

Asunto: Acta da 2ª reunión do Consello de Arquivos de Galicia

Lugar: Edificio do Arquivo de Galicia, Santiago de Compostela

Data: 19 de decembro de 2017

Hora de comezo: 11,30 h

Hora de remate: 13,30 h

Asistentes:

Anxo M. Lorenzo Suárez (secretario xeral de Cultura), vicepresidente 1º

Mar Pereira Álvarez (directora da Amtega), vicepresidenta 3ª

Mª Josefa Piñón López (xefa do Servizo do Sistema de Arquivos), secretaria

Marina García Pita (subdirectora xeral de Arquivos), vogal

Mª del Mar García Miraz (xefa do Servizo do Arquivo de Galicia), vogal

Carmen Prieto Ramos (directora do Arquivo do Reino de Galicia), vogal

Carmen Moreiras Plaza (Parlamento de Galicia), vogal

Dolores Sáez Madrid (subdirectora xeral de Persoal da Administración de Xustiza, en substitución do director xeral de Xustiza), vogal

Olimpia López Rodríguez (presidenta de BAMAD-Galicia), vogal

Jaime Fariña Fernández (Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela), vogal

Mª José García Sexto (Amtega)

Desculpan a súa ausencia:

Natalia Prieto Viso (D.X. de Avaliación e Reforma Administrativa), vicepresidenta 2ª

Pablo Sánchez Ferro (director do Arquivo Histórico Provincial e Ourense), vogal

Avelino Bouzón Gallego (director do Arquivo Diocesano e Catedralicio de Tui), vogal

Pedro López Gómez (ex director de arquivos), vogal

Por circunstancia sobrevida desculpa a súa ausencia o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, quen envía á subdirectora Mª Dolores Sáez Madrid para expoñer o plan de arquivos xudiciais da Xunta de Galicia.

Ausentes:

Alberto González Fernández (alcalde do Concello de Valdoviño), vogal

Javier Jorge Castiñeira (alcalde do Concello de Foz), vogal



Orde do día

1. Lectura e aprobación acta anterior
2. Informe sobre a constitución do grupo de traballo
 - 2.1. Membros
 - 2.2. Tarefas: desenvolvemento normativo e plan de arquivos.
3. Presentación do proxecto da Memoria dixital de Galicia
4. Presentación do plan de organización de arquivos xudiciais
5. Informe sobre a ordenanza da Deputación Provincial de Ourense
6. Informe sobre a Comisión Técnica de Arquivos do Consello de Contas de Galicia
7. Rogos e preguntas

Deliberacións

1. Lectura e aprobación acta anterior

Preside a reunión o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo Suárez, vicepresidente 1º, en substitución do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que da a benvida a todos os membros.

A acta cos asuntos tratados e os acordos adoptados na sesión anterior enviouse aos membros para á súa aprobación nesta sesión. Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior.

Antes de dar paso ao seguinte punto da orde do día o vicepresidente 1º informa sobre a constitución da Comisión Permanente do Consello:

Tal como establece o decreto 25/2016, do 3 de marzo, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia no seu artigo 12, constitúese a Comisión Permanente do Consello, presidida polo vicepresidente 1º, que será a encargada de:

- Propoñer os asuntos a incluír na orde do día
- Elevar ao Pleno os informes e propostas de actuación propias ou dos grupos de traballo
- Estudar os asuntos que se elevarán ao Pleno
- Executar os acordos adoptados polo Pleno.

2. Informe sobre a constitución dos grupos de traballo

O Consello de Arquivos de Galicia, na súa anterior sesión, acordou constituír grupos de traballo específicos en función da materia e tipoloxía de arquivos, en concreto, propúxose como obxectivo traballar nos seguintes ámbitos:

- Censo de arquivos e patrimonio documental de Galicia: desenvolvemento da estrutura e contido do censo e que sexa accesible en rede.
- Normativa de arquivos e documentos de Galicia: elaboración dun regulamento de arquivos en desenvolvemento da lei de arquivos e documentos de Galicia.
- Plan de arquivos: a Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia establece a obriga de elaborar e aprobar un plan para avaliar as necesidades de persoal e de infraestrutura dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- Plan de dixitalización de fondos documentais de Galicia.





Por cuestións de operatividade propónse a constitución dun único grupo de traballo que aborde estes temas. Este grupo estará composto por Carmen Prieto Ramos, que o presidirá, Pablo Sánchez Ferro, Olimpia López Rodríguez, Pedro López Gómez, Mar García Miraz, Marina García Pita e Marisé Piñón López.

Sométese á aprobación do Pleno e queda aprobada a súa constitución.

A continuación Carmen Prieto informa sobre o traballo feito no grupo na reunión do 21 de setembro en Santiago.

3. Presentación do proxecto Memoria Dixital de Galicia

A continuación Mar Pereira Álvarez e María José García Sexto, directora e xefe de área da AMTEGA, presentan a Memoria Dixital de Galicia.

A Memoria Dixital de Galicia defínese como un camiño global e colectivo de transformación para achegarnos ao patrimonio cultural e á dinamización da cultura aproveitando a potencialidade das tecnoloxías da información e os novos usos e costumes dunha sociedade dixital.

Consideramos de interese para o ámbito deste Consello de Arquivos de Galicia pola importancia cualitativa e cuantitativa que o patrimonio documental galego ten na configuración do patrimonio cultural galego do que forma parte.

Ese patrimonio documental custodiado nos arquivos galegos, como institucións da memoria, poden participar neste proxecto da Memoria Dixital de Galicia, en confluencia con outras iniciativas e estratexias normativas e políticas (lexislación, Galiciana, Axenda Dixital...), para preservar a memoria do pasado e garantir a memoria do futuro.

4. Presentación do plan de organización de arquivos xudiciais de Galicia.

En substitución do director xeral de Xustiza, María Dolores Sáez Madrid, subdirectora xeral de Persoal da Administración de Xustiza, presenta o Plan de organización e as actuacións levadas a cabo no ámbito do sistema de arquivos xudiciais galegos.

Ao abeiro deste Plan recuperáronse máis de 3.500 caixas de documentación histórica anterior a 1946, con destino aos arquivos históricos provinciais. Realizáronse estudos de identificación e valoración de series documentais ademais de organizar e inventariar máis de 11.755 metros lineais de documentación das oficinas xudiciais. Destaca a aplicación web Arquivo, desenvolvida no marco do II Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia, en coordinación coa Amtega.

5. Informe sobre a ordenanza da Deputación Provincial de Ourense

O presidente informa sobre o proxecto de Ordenanza reguladora dos arquivos do sector público provincial de Ourense presentado pola Deputación Provincial de Ourense.

O informe elaborado polo grupo de traballo e visto na comisión permanente, foi remitido aos membros do Pleno do Consello para tratalo nesta sesión.

Do informe cabe destacar que a lei de arquivos e documentos de Galicia promove que cada administración pública configure o seu sistema de arquivos que se integre no Sistema de Arquivos de Galicia, guiados polas mesmas normas técnicas como plataforma común de coordinación e cooperación, respectado a independencia de cada institución.



A proposta da Deputación Provincial de Ourense supón un paso importante cara a estruturar os procesos documentais vinculados a súa actividade e porque estende a súa proposta ofrecendo o seu asesoramento e servizo aos concellos que o demanden.

Neste contexto, valórase moi positivamente esta iniciativa da deputación e do seu servizo de arquivos que ten por finalidade a elaboración dunha norma reguladora do sistema de arquivo e da xestión documental da Administración provincial de Ourense.

Non existindo, ata o momento, un regulamento deste tipo nas deputacións provinciais galegas podería servir como modelo e neste informe propóñense unha serie de melloras relativas a:

1. Normalizar os termos técnicos coa significación precisa e recoñecida na teoría e práctica arquivística.
2. Revisar a estrutura e contido no sentido de focalizar cada apartado: exposición de motivos, disposicións xerais, funcións dos órganos e arquivos do sistema, procesos vinculados á xestión documental e os procesos vinculados á posta a disposición da información e dos documentos.
3. Resaltar os aspectos relacionados coa xestión documental electrónica que xa se perfilan na ordenanza.
4. Definir o papel a desempeñar na implantación e mantemento do arquivo electrónico único respecto á función de asistencia e cooperación cos arquivos das entidades locais.

Apróbase a proposta. Acórdase comunicar o acordo a Deputación de Ourense con estas consideracións.

6. Informe sobre a Comisión Técnica de Arquivos do Consello de Contas de Galicia

O Pleno do Consello de Contas de Galicia acordou a aprobación inicial do proxecto de para a creación e regulamento da Comisión Técnica de Arquivo e xestión documental do Consello de Contas de Galicia.

Co obxecto de continuar a súa tramitación achega o texto do proxecto e solicita a emisión do informe preceptivo previsto no artigo 47 da Lei 7/2014, do 26 de setembro de arquivos e documentos de Galicia.

O proxecto foi estudado polo grupo de traballo constituído no Consello de Arquivos de Galicia, elevándose a súas propostas para sometelo a informe do Pleno.

Como xa se dixo para o caso da ordenanza de Deputación Provincial de Ourense, este proxecto normativo enmárcase no establecido na lei de arquivos e documentos de Galicia, no sentido de promover que cada administración pública configure o seu sistema de arquivos, integrados no Sistema de Arquivos de Galicia.

O Arquivo do Consello de Contas de Galicia é o servizo responsable da xestión documental deste órgano estatutario e está dotado de persoal e de recursos materiais, polo tanto cumpre cos requisitos establecidos na citada lei de arquivos para os arquivos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia.

O Consello de Contas de Galicia proponse crear a Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental como órgano técnico e de asesoramento no ámbito de actuación do sistema de arquivos do propio consello, adscrito á súa Secretaría Xeral Técnica.

A finalidade e funcións desta comisión é a coordinación e normalización dos procesos técnicos de xestión documental, acceso a información e preservación dos documentos do Consello de Contas de Galicia. Contempla especificamente a creación dun subsistema de xestión de documentos electrónicos da institución para o que se determina a necesidade de establecer unha política de xestión documental.

O informe do grupo de traballo é favorable á súa aprobación e propón a introdución de melloras:





1. Incorporar á normativa de aplicación as referencias ao Consello de Arquivos de Galicia e as específicas de administración electrónica.
2. No artigo 3. 1 Finalidade e funcións, propón modificar a redacción centrando a finalidade da comisión na normalización e regulación do sistema de arquivos e xestión documental do Consello de Contas, da que o proceso de avaliación e selección forma parte tal como queda recollido no apartado 2 dese mesmo artigo.
3. Modificar a referencia á unidade administrativa de Arquivo e Biblioteca, por unidade administrativa responsable en materia de arquivo.

Apróbase a proposta con estas consideracións. Acórdase dar traslado ao Consello de Contas.

Rolda de intervencións

Carmen Prieto pregunta polo prazo para entregar os documentos sobre o Plan de Arquivos e o Regulamento. Proponse presentar un borrador no próximo consello que ten previsto reunirse no primeiro semestre do ano: xuño ou xullo

Marina García propón nomear substitutos xa que as axendas están moi apertadas. Anxo Lorenzo está de acordo.

Anxo Lorenzo fala do Plan de Cultura: Estratexia para toda Galicia (2021) para o conxunto de Galicia. É importante para a próxima reunión traer a estratexia que afecte a todos os arquivos. O plan de Arquivos refírese ao Plan de Arquivos da Xunta, pero na Estratexia debería estar todo o Sistema de Arquivos de Galicia.

Acordos:

1. Apróbase a constitución dun único grupo de traballo formado por Carmen Prieto Ramos, que o presidirá, Pablo Sánchez Ferro, Olimpia López Rodríguez, Pedro López Gómez, Mar García Miraz, Marina García Pita e Marisé Piñón López.
2. Apróbase o proxecto de Ordenanza reguladora dos arquivos do sector público provincial de Ourense presentado pola Deputación Provincial de Ourense. Acórdase comunicar o acordo a Deputación de Ourense coas consideracións propostas polo grupo de traballo.
3. Apróbase o proxecto para a creación e regulamento da Comisión Técnica de Arquivo e xestión documental do Consello de Contas de Galicia. Acórdase comunicar o acordo ao Consello de contas coas consideracións propostas polo grupo de traballo.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13,30 horas.

Vº e Prace

A secretaria

O vicepresidente,

Mª Josefa Piñón López

Anxo M. Lorenzo Suárez

